

Actividade 7.- Recoñecemento de patróns

O recoñecemento de patróns axuda a atopar similitudes entre problemas e a empregar solucións anteriores en problemas novos. Nesta actividades o alumnado intentará dividir as tarxetes en diferentes categorías. Como tarefa extra o alumnado pode escribir un algoritmo para que os demais poidan chegar a ordenalas nas mesmas categorías.

Obxectivos:

- Recoñecer patróns nun conxunto de datos
- Aprender como os patróns son visibles na vida cotiá
- Aplicar solucións anteriores a un problema novo

Pensamento computacional que se traballa:

- Competencias: Creatividade, traballo en equipo, toma de decisións
- Fundamentos:Recoñecemento de patróns, abstracción, algoritmos.
- Conceptos; ordenar, clasificar, características ou patróns.


Desenvolvemento da actividade

- Baralla de cartas plastificada (unha para cada grupo de alumnos)
- Temporizador 3 minutos
- Caixas para clasificar (montóns) as cartas, o alumnado decide en que categoría ás clasifican.
- Ficha de traballo para escribir o algoritmo.

Reflexión e debate

- Que categorías escollimos?
- Todos os grupos teñen categorías diferentes?
- Como se escolleron esas categorías?
- Que vos resultou máis difícil?
- Como crees que funciona o google lens?
- Coñeces algunha aplicación que clasifique imaxes?
- Creedes que este patrón de clasificación servirá para clasificar o reino animal?

Ao clasificar o alumnado estivo buscando patróns, fixéronse en que cousas son máis ou menos iguais, por exemplo : comida, animais.....



Todas as cartas xuntas, poden denominarse “datos”. Os ordenadores adoitan traballar con moitos datos. Para indicarlle a un ordenador como traballar cos datos é importante recoñecer os patróns en clasificar a información.

O recoñecemento de patróns é útil na vida diaria, por exemplo para o cálculo .si sabemos canto é 5×5 , sabemos resolver 5×6 . Podemos recoñecer animais según o número de patas, se ten pelo , se ten cola, plumas, pico....